# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

CURSO 2019/2020

## 1º PRIMARIA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

**ÍNDICE**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica. | EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica |
| B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. | EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>Os procedementos para levar a cabo a avaliación será a análise das actividades e producións individuais de carácter práctico realizadas na casa e pautadas a través do blogue, sempre tendo en conta o traballo individual e en grupo levado a cabo durante a 1ª e a 2ª avaliación.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>Os instrumentos de avaliación que se empregarán para levar a cabo a análise serán fichas de observación que facilitan o rexistro da análise das producións do alumnado, o diario de clase, que recolle información do proceso de aprendizaxe e da avaliación dos alumnos e o portafolio do alumnado, no que evidenciarán os avances do alumnado dentro da materia.<br>Así mesmo, teranse en consideración os exercicios, fichas, tests, lecturas e presentacións, traballos en grupo e o caderno do alumnado levados a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>A nota da avaliación final calcularase da seguinte forma:<br>- Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.<br>- Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán, pero un máximo dun 20% sobre as dúas anteriores.<br>O alumnado poderá subir a nota media das avaliacións anteriores do seguinte xeito:<br>- Realización das tarefas no período de tempo solicitado.<br>- Calidade das tarefas entregadas.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Non procede.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Avaliación de materia pendentes</td><td>Criterios de avaliación:<br>O alumnado cunha cualificación negativa na 1º e 2º avaliación realizará as tarefas propostas e outras actividades optativas de reforzo que se marcarán semanalmente.</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:<br>O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:<br>- Realización das tarefas no período de tempo solicitado.<br>- Calidade das tarefas entregadas (comprensión e expresión).</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Os procedementos para levar a cabo a avaliación as actividades e produccións individuais realizadas a través do blogue, sempre tendo en conta os traballos individuais e en grupo levados a cabo durante a 1ª e a 2ª</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | avaliación.<br>**Instrumentos:**<br>Fichas de observación que facilitan o rexistro da análise das producións do alumnado, o diario de clase, que recolle información do proceso de aprendizaxe e da avaliación dos alumnos e o portafolio do alumnado, no que evidenciarán os avances do alumnado dentro da materia. Así mesmo, teranse en consideración actividades e producións individuais e en grupo levadas a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Para dar continuidade ao traballo de Educación Artística: plástica, procedeuse á creación dun blogue na plataforma blogger, cun enlace na web oficial do centro educativo. Aquí páutanse actividades de todo tipo para que o alumnado continúe desenvolvendo os contidos traballados previamente na aula (mesturas de cores, uso de distintos materiais e técnicas, etc.). |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | A metodoloxía empregada co alumnado con conexión, a práctica totalidade do alumnado deste grupo, inclúe actividades lúdicas e artísticas. No caso do alumnado sen conectividade, as actividades son comunicadas a través da plataforma Tokapp School e por medio da entrega dun dosier de actividades, así como de forma telefónica. |
| **Materiais e recursos** | Empregaranse vídeos, materiais técnicos que o alumnado xa ten na casa (regra, lapis, goma, afilalapis, folios, etc.), material artístico como pinturas, tesoiras e cartolinas, e outros materiais como revistas, periódicos ou materiais reciclados como botellas de plástico, bricks de leite, etc. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Empregaranse de diversas canles de comunicación:<br>- Correo electrónico.<br>- A aplicación de mensaxería instantánea TokApp School.<br>- Teléfono.<br>- Solución de dúbidas a través de comentarios no blogue (https://inglesynatu.blogspot.com/).<br>- Páxina web do centro educativo. |

| | |
|---|---|
| **Publicidade** | Publicaranse as novas na web do centro educativo (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/), así como no blogue empregado para marcar actividades (https://inglesynatu.blogspot.com/) e a través da aplicación de mensaxería instantánea Tokapp School. |